



**CONCELLO DE MUXIA**  
(A Coruña)

Rúa Real, 35  
15124 MUXÍA (A Coruña)  
Telfs: 981 742 117  
981 742 528  
981 742 001  
Fax: 981 742 298  
CIF: P1505300B  
[correo@muxia.es](mailto:correo@muxia.es)  
[www.concellomuxia.com](http://www.concellomuxia.com)

## ACTA Nº 2021/7

### SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

- CASA DO CONCELLO, XOVES 30 DE SETEMBRO DE 2021 -

No día de hoxe, ás 20:00 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia do secretario, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación.

#### **PRESIDE:**

SANTIAGO MANUEL TOBA CAMPAÑA

#### **ASISTEN:**

JAVIER ROMAR ALVARELLOS

OLALLA BENLLOCH LEMA

CARLOS FERNANDEZ CONCHEIRO

SANDRA VILELA RIVEIRO

SOFIA LOPEZ SIMON

JAVIER LEMA SUAREZ

#### **AUSENCIAS:**

MONICA VILELA VILELA (escusa)

MANUEL CARAMES LOPEZ (escusa)

IRMA LUCIA GARCIA BARCIA

TANIA ROMERO GARCIA (escusa)

**SECRETARIA: ROSA ANA GARCIA FERNANDEZ**

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

#### **ORDE DO DÍA**

- 1.- Aprobación acta sesión anterior
2. Plan adicional 2/2021

#### **1.-Aprobación acta sesión anterior.**

A acta da sesión anterior queda aprobada por unanimidade dos membros presentes.

#### **2.-Plan adicional 2/2021.**



**CONCELLO DE MUXIA**  
(A Coruña)

Rúa Real, 35  
15124 MUXÍA (A Coruña)  
Telfs: 981 742 117  
981 742 528  
981 742 001  
Fax: 981 742 298  
CIF: P1505300B  
[correo@muxia.es](mailto:correo@muxia.es)  
[www.concellomuxia.com](http://www.concellomuxia.com)

A Secretaria manifesta que dado que o asunto é introducido en sesión sen informe da Comisión Informativa, de acordo co establecido no artigo 82.3 do ROF, o Pleno ten que ratificar a súa inclusión neses termos, xustificando O Alcalde a inclusión da seguinte reforma “ É un problema de tempos pola forma de negociación deste proxecto pois chegado a un consenso sobre o incremento da partida de estudos técnicos non se cumpriu. Sen embargo falei cos redactores e pedinlles que me terminasen esta fase de proxecto sobre o que había tamén consenso. Fai pouco que me entregaron o proxecto e non daba tempo.”

Sometida a votación a ratificación da inclusión na orde do día deste punto sen dictamen previo de informativa, é aprobada por 4 votos a favor do grupo municipal PSOE (3) e BNG (1) e os votos en contra do PP (3).

Entrando no debate do punto, O Señor Alcalde expón: “Son intervencións necesarias, apropiadas para esta 2º fase do Adicional”

Intervén seguidamente a portavoz do grupo municipal PP, Señora Vilela: “Pode vostede pintalo como queira pero a realidade é que non fixo Comisión Informativa e é unha cousa máis do que fai, porque ten secuestrada a democracia en Muxía: non contesta a rogos e preguntas; nin aos requirimentos da Valedora do Pobo; nin ás solicitudes de información da oposición. Ten A Secretaria para salvarlle a vida e dicirlle cómo ten que facer as cousas legalmente e conta coa complicidade do BNG. A modificación de crédito da que fala ten prazos e aínda que se tivese aprobado non daría tempo esta semana. Fai 4 meses que sabe cal era o prazo para presentar o POS e conta as cousas a medias, efectivamente saíu este proxecto de Frixe, a proposta do grupo popular o que demostra que se quere chegar a acordos coa oposición, se pode. Votaremos a favor do POS o que non quere dicir que non teña secuestrada a democracia. A ratificación debería de vir como punto da orde do día como di ROF”.

*A Secretaria previo permiso da Alcaldía, intervén para aclarar que non se trata dun caso de pleno extraordinario urxente, para o cal o ROF esixe que como punto da orde do día figure a ratificación ou votación sobre a urxencia da convocatoria, senon dun suposto do artigo 82.3 do ROF que procede a ler.*



**CONCELLO DE MUXÍA**  
(A Coruña)

Rúa Real, 35  
15124 MUXÍA (A Coruña)  
Telfs: 981 742 117  
981 742 528  
981 742 001  
Fax: 981 742 298  
CIF: P1505300B  
[correo@muxia.es](mailto:correo@muxia.es)  
[www.concellomuxia.com](http://www.concellomuxia.com)

Continua Dona Sandra Vilela: “ Votouse aquí que está debidamente xustificado coa complicidade do BNG. Que vostede xustifique que en 4 meses non puido traelos é dicir moito. É vostede un ditador”.

A continuación intervén Don Carlos Fernández: “ As veces danme ganas de marchar do Pleno porque é insoportable, todo son descualificacións e insultos e non pode seguir así. Estanse facendo críticas políticas de que non se respecta a democracia e tes que manter a calma. Non estou de acordo con que non se fixese a Comisión Informativa e non hai xustificación pero queremos ser responsables e este POS hai que aprobalo agora. Se non voto a favor da ratificación non hai Pleno, e a cidadanía de Muxía non ten que pagar a mala xestión do goberno municipal. Eu vin esta fase do proxecto fai 4 meses e isto demostra o positivo da negociación entre as distintas forzas políticas. Deberíase de ter convocado unha reunión para ensinar o proxecto, comprometécheste a negociar os seguintes POS e espero que o fagas. Non somos cómplices de nada, tomamos a decisión autonomamente e respecto a quen tivo a idea, o BNG en 2018 xa presentou unha moción pedindo o saneamento de Frixe.”

A continuación toma a palabra A Alcaldía: “ Acordouse no seu día aumentar a partida en 40.000 € para estudos técnicos, para a redacción de proxectos e dirección. No seguinte Pleno tirase a baixo a modificación. Como fago proxectos sen ter consignación para iso?. O equipo de goberno cumpriu a súa palabra porque o Plan Adicional estaba contemplado en 2 fases e a oposición sabe que se podía gastar na primeira fase todo nas obras que o Alcalde quixese, sen traelo ao Pleno? Non o fixen así, tiñamos un compromiso e cumprino.”

Volve a intervir Dona Sandra Vilela: “ O que se dixu nesa reunión foi que se ía a facer unha modificación de crédito para crear partida para redacción do proxecto de Frixe e despois de 2,5 meses, esta oposición non soubo nada de vostede e agora ensínanos o proxecto de Frixe e trae ao Pleno o que quere.

Non pode dicir que a oposición lle da para atrás a ningunha obra transcendente e iso porque aprobamos, as veces con calzador, as cousas.



**CONCELLO DE MUXÍA**  
(A Coruña)

Rúa Real, 35  
15124 MUXÍA (A Coruña)  
Telfs: 981 742 117  
981 742 528  
981 742 001  
Fax: 981 742 298  
CIF: P1505300B  
[correo@muxia.es](mailto:correo@muxia.es)  
[www.concellomuxia.com](http://www.concellomuxia.com)

O BNG apoiouno e con esa escusa sáltao todo e debemos de paralo porque o que está pasando en Muxía non é normal e ten que ver coa democracia. E en Muxía agora non a hai. Se para recuperala hai que dicir non ao POS, merece a pena.”

O Señor Alcalde contesta: “ Non é certo que só se falara do proxecto de Frixe.

As próximas reunións non se farán se non está a Secretaria diante porque estou tratando con mentireiros , o único que cumpriu coa súa palabra foi o grupo de goberno.”

Don Carlos Fernández manifesta: “ Eu cumpro sempre coa miña palabra.”

Sometido o asunto a votación, o Pleno por unanimidade, acorda:

1.- “Participar na **2ª Fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) Adicional 2/2021** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, solicitando a aplicación do resto da maior achega provincial asignada non utilizada na 1ª Fase, aos investimentos financeiramente sostibles que se indican a continuación, e aprobar os correspondentes proxectos de obras ou pregos das subministracións:

Investimentos financeiramente sostibles 2ª Fase POS+ Adicional 2/2021	Financiamento dos investimentos		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Rede de sanemento e pluviais en Frixe	93167,28	0	93167,28
Acondicionamento vial Senande-Trasufre	41014	0,40	41014,40
<b>TOTAL</b>	<b>134181,28</b>	<b>0,40</b>	<b>134181,68</b>



**CONCELLO DE MUXÍA**  
(A Coruña)

Rúa Real, 35  
15124 MUXÍA (A Coruña)  
Telfs: 981 742 117  
981 742 528  
981 742 001  
Fax: 981 742 298  
CIF: P1505300B  
[correo@muxia.es](mailto:correo@muxia.es)  
[www.concellomuxia.com](http://www.concellomuxia.com)

Maior achega provincial asignada ao concello	280583,81
Maior achega provincial aplicada na 1ª Fase	146402,53
Maior achega provincial aplicada na 2ª Fase	134181,28

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto, ou en vías de resolución, todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Declarar que o concello ten crédito, e de ser o caso, que se compromete a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios, para facer fronte á achega municipal aos investimentos financeiramente sostibles incluídos na 2ª Fase do POS+ Adicional 2/2021, se o concello voluntariamente realiza algunha achega ao seu financiamento.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

Ás 20:43 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretario, dou fe.



**CONCELLO DE MUXIA**  
(A Coruña)

Rúa Real, 35  
15124 MUXÍA (A Coruña)  
Telfs: 981 742 117  
981 742 528  
981 742 001  
Fax: 981 742 298  
CIF: P1505300B  
[correo@muxia.es](mailto:correo@muxia.es)  
[www.concellomuxia.com](http://www.concellomuxia.com)

CONCELLO DE MUXÍA, a data da sinatura electrónica

A secretaria, Rosa Ana García Fernández

O alcalde, Santiago Manuel Toba Campaña